

FRANCÉS

1.- A lingua como comunicación: linguaxe oral e linguaxe escrita. Factores que definen unha situación comunicativa: emisor, receptor, funcionalidade e contexto.

2.- A comunicación na clase de lingua estranxeira: comunicación verbal e non verbal. Estratexias extralingüísticas: reaccións non verbais a mensaxes en diferentes contextos.

3.- Desenvolvemento das destrezas lingüísticas: comprensión e expresión oral, comprensión e expresión escrita. A competencia comunicativa en francés.

4.- Valoración do coñecemento das linguas estranxeiras como instrumento de comunicación entre as persoas e os pobos. Interese pola diversidade lingüística a través do coñecemento duna nova lingua e a súa cultura.

5.- Marco xeográfico, histórico e cultural dos países de fala francesa. Aplicación didáctica dos aspectos xeográficos, históricos e culturais máis significativos.

6.- Aportacións da lingüística á ensinanza das linguas estranxeiras. O proceso de aprendizaxe lingüística: semellanzas e diferencias entre a adquisición da primeira lingua escolar e da lingua estranxeira.

7.- A lingua estranxeira oral. A complexidade da comprensión do sentido global na interacción oral: da audición á escoita activa e selectiva. A toma de palabra: da reprodución imitativa á produción autónoma.

8.- A lingua estranxeira escrita. Aproximación, maduración e perfeccionamento do proceso lecto-escritor. A comprensión lectora: técnicas de comprensión global e específica de textos. A expresión escrita: da interpretación á produción de textos.

9.- Descrición do sistema fonolóxico da lingua francesa. Modelos e técnicas de aprendizaxe. Percepción, discriminación e emisión de sons, entoacións, ritmos e acentos. A corrección fonética.

10.- Os códigos ortográficos da lingua francesa. Relación sonografía. Propostas para a didáctica do código escrito. Aplicacións da ortografía nas producións escritas.

11.- Campos léxicos e semánticos en lingua francesa. Léxico necesario para a socialización, a información e a expresión de actitudes. Tipoloxía de actividades ligadas ó ensino e á aprendizaxe do léxico na clase de lingua estranxeira.

12.- Elementos esenciais de morfosintaxe da lingua francesa. Estructuras comunicativas elementais. Uso progresivo das categorías gramaticais nas producións orais e escritas para mellora-la comunicación.

13.- Historia da evolución da didáctica das linguas estranxeiras: dos métodos de gramática-tradución ós enfoques actuais.

14.- Métodos e técnicas enfocados á adquisición de competencias comunicativas. Fundamentos metodolóxicos específicos do ensino do francés.

15.- Épocas, autores e xéneros literarios máis axeitados para a súa aplicación didáctica na clase de francés. Tipoloxías de textos.

16.- A literatura infantil en lingua francesa. Técnicas de aplicación didáctica para acceder á comprensión oral, iniciar e potenciar os hábitos lectores e sensibilizar na función poética da linguaxe.

17.- A canción como vehículo poético e como creación literaria na clase de francés. Tipoloxía de cancións. Técnicas do uso da canción para a aprendizaxe fonética, léxica e cultural.

18.- Funcións do xogo e da creatividade na aprendizaxe das linguas estranxeiras. Definición e tipoloxía de xogos para a aprendizaxe e o perfeccionamento lingüístico. O xogo como técnica lúdico-creativa de acceso á competencia comunicativa en lingua estranxeira.

19.- Técnicas de animación e expresión como recurso para a aprendizaxe das linguas estranxeiras. A dramatización de situacións da vida cotiá e a representación de contos, personaxes, chistes, etc. O traballo en grupos para actividades creativas. Papel do profesor.

20.- A área de linguas estranxeiras no currículo. Criterios a reflectir no proxecto educativo de centro e no proxecto curricular de centro.

21.- A programación da área de linguas estranxeiras: unidades de programación. Criterios para a secuencia e temporización de contidos e obxectivos. Selección da metodoloxía a empregar nas actividades de aprendizaxe e de avaliación.

22.- Variables a ter en conta na organización da clase de lingua francesa: agrupación do alumnado, distribución do espazo e tempo, selección de metodoloxías, papel do profesor, etc.

23.- A elaboración de materiais curriculares para a clase de francés. Criterios para a selección e uso dos libros de texto. Documentos auténticos e documentos adaptados: limitacións do seu uso. A colaboración dos alumnos no deseño de materiais.

24.- Aspectos tecnolóxicos e pedagóxicos da utilización dos materiais audiovisuais (o periódico, a televisión, o magnetófono, o vídeo, etc.). O ordenador como recurso auxiliar para a aprendizaxe e perfeccionamento das linguas estranxeiras.

25.- O proceso de ensino e aprendizaxe na lingua estranxeira centrado no alumno: fundamentos e aplicacións. A identificación das motivacións e actitudes ante a lingua francesa. Aplicacións prácticas.